

1º Aniversario do convenio co instituto de La Habana Rosalía Abreu



Hai un ano (26 de abril de 2015) asinábase un *Convenio de colaboración intercentros educativos* entre o *Instituto preuniversitario, IPU Rosalía Abreu Arencebia*, de El Cerro (La Habana-Cuba) e o *Instituto de Educación Secundaria Xulián Magariños de Negreira*. O protocolo de colaboración levou as firmas dos directores de ambos centros, Raidel Mirabal Fernández -profesor de Informática-, e Adelino Pose Reino -profesor de Matemáticas-.

Transcorrido todo un novo curso escolar, queremos hoxe facer un balance das actividades realizadas, e que pasamos a resumir:

- Comunicacions habituais entre os membros dos equipos directivos, intercambiando información documental e gráfica das actividades realizadas por ambos institutos (sen esquecer tamén temas relacionados coa xestión dos mesmos).

- Intercambio de correos entre o profesorado dos dous centros. De xeito

voluntario, vinte docentes do IES Xulián Magariños decidiron contactar e compartir experiencias didácticas co profesorado cubano do Rosalía Abreu. Ademais do equipo directivo, anotouse nesta listaxe profesorado dos departamentos de Biología e Xeoloxía, Comercio, Debuxo, Economía, Física e Química, Francés, Inglés, Lingua Galega, Lingua Castelá, Matemáticas, Música, Orientación Educativa, Relixión católica e Xeografía e Historia. Ao longo deste curso estanse a contar experiencias educativas e didácticas, ademais do fomento do intercambio de materiais, documentos e libros das distintas materias.



- Importante número de correos electrónicos do alumnado de 1º e 2º de Bacharelato do noso Instituto de Negreira co alumnado cubano dos dous últimos cursos de Secundaria. Tamén os nosos rapaces, máis de setenta, tiveron intercambio epistolar cos seus compañeiros do Instituto Rosalía Abreu. Con toda esta comunicación fóronse coñecendo e compartindo intereses xuvenís, escolares e culturais.